

PROTOCOLO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE FÍSICA E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS.

Protocolo establecido en base á Resolución Do 17 de xullo de 2020, da secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade”

Obrigas xenéricas

- Sempre que sexa posible, deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 mts.
- Para persoas de 6 ou máis anos será **obligatorio o uso de máscara** en todo momento, **aínda que se poida garantir a distancia de seguridade.**
- **Durante a práctica deportiva, poderá non utilizarse a máscara, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal, exclusivamente durante a realización de actividade física.**
- Deberán respectarse as indicacións da dirección de entrada e saída do campo ou instalación, no caso de non ser posible establecer 2 direccións na porta de entrada, non cruzarse e respectar a distancia de seguridade de 1,5 mts.

Aforo máximo no campo:

- Aforo no campo: Poderán realizarse adestramentos de forma simultánea en grupos dun máximo de 25 persoas. Isto é, no Campo de fútbol poden realizarse 2 adestramentos simultáneos e separados de 25 persoas cada un. (En cada grupo de 25 persoas incluíranse os/as adestradores/as e demais persoal).

CAMPO DE FÚTBOL DOS PINARES

- **Vestiaros:**
 - En cada vestiario poderán cambiarse un máximo de **7 persoas**, respectando a distancia de seguridade de 1,5 mts. Os asentos que se poidan utilizar estarán sinalizados.
 - Os vestiarios de árbitros poderán ser utilizados por 1 persoa.
 - **Duchas:** utilizaranse en quendas de **4 persoas como máximo**, respectando a distancia de seguridade de 1 m. (utilizar duchas alternas). A ducha deberá realizarse de fronte á saída da auga

- **AS GRADAS NON PODERÁN UTILIZARSE**

CAMPO DE FÚTBOL DE MANIÑOS

- **Vestiaros:**
 - En cada vestiario poderán cambiarse o máximo de **persoas posibles**, respectando a distancia de seguridade de 1,5 mts. Os asentos que se poidan utilizar estarán sinalizados.
 - Os vestiarios de árbitros poderán ser utilizados por 1 persoa.
 - **Duchas:** utilizaranse en quendas, respectando a distancia de seguridade de 1 m. (utilizar duchas alternas). A ducha deberá realizarse de fronte á saída da auga